

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 20 DE AGOSTO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte de agosto de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as trece horas corenta minutos á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 14 de agosto de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O PROXECTO “+EMPREGA NOS CONCELLOS”

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da bases reguladoras e convocatoria realizada pola Deputación Provincial, en réxime de concorrencia non competitiva, do proxecto “+Emprega nos Concellos” para financiar contratos formativos (BOP núm. 152, do 06/08/24) e a conveniencia de solicitar dita axuda para o financiamento da contratación laboral, baixo a

modalidade de contrato formativo, dun/ha traballador/a a tempo completo para un período dun ano. Proponse a contratación dunha persoa co nivel de estudos de grao universitario para desempeñar funcións de terapeuta ocupacional adscrito/a ao Departamento municipal de Servizos Sociais.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a solicitude de subvención para o proxecto “+Emprega nos Concellos” para a contratación, baixo a modalidade de contrato formativo, dun/ha traballador/a coa seguintes titulación:

- ✓ Grao en Terapia Ocupacional.

Segundo.- Solicitar á Deputación Provincial a cantidade de DEZASEIS MIL OITOCENTOS EUROS (16.800,00 €) para a realización do proxecto subvencionado.

Terceiro.- Asumir o compromiso de financiar o importe non subvencionado dos custos necesarios para a realización do proxecto.

Cuarto.- Aceptar integramente as bases reguladoras e asumir os compromisos que nelas se establecen.

Quinto.- Ao non existir no Concello convenio ou táboa salarial de aplicación, acórdase fixar as retribucións salariais do/a traballador/a que se contrate a través deste proxecto, de conformidade coas táboas salariais de aplicación do III Convenio colectivo marco estatal do sector ocio educativo e animación sociocultural (BOE núm. 69, do 22/03/21), coa seguinte desagregación:

RETRIBUCIÓN BRUTA MENSUAL (incluído soldo, pagas extras e complementos salariais)	COTIZACIÓN EMPRESARIAL Á SEGURIDADE SOCIAL	COSTE TOTAL MENSUAL DO POSTO DE TRABAJO
1.567,34 €	503,58 €	2.070,92 €

Sexto.- Facultar ao Sr. alcalde, para que na representación do Concello, solicite a subvención e asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade do acordado.

3.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA “MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS EN ÁLCEME”

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 14 de agosto de 2024, adoptou o acordo de inicio do expediente de contratación da obra denominada “MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS EN ÁLCEME”. En virtude do acordado, e de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), incorporáronse ao expediente os seguintes documentos:

- Acta de trazado previo, asinada con data 13 de agosto de 2024.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, informado de xeito favorable pola Secretaría municipal.
- Certificación de existencia de crédito expedida pola Intervención municipal.

Xa que logo, debidamente informados e de conformidade co establecido no artigo 117 da LCSP, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da obra de “MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS EN ÁLCEME”.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación.

Terceiro.- Aprobar o correspondente gasto, por importe de 113.250,83 €, con cargo á partida correspondente do orzamento xeral en vigor.

Cuarto.- Iniciar o procedemento de adxudicación da obra, publicando o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello, de conformidade co disposto no artigo 135 e concordantes da LCSP.

4.- INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN RAÑESTRAS. CONCELLOS DE RODEIRO E DOZÓN”

O Sr. alcalde informa que por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 9 de febreiro de 2024, foi aprobado o proxecto técnico da obra de “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN RAÑESTRAS. CONCELLOS DE RODEIRO E DOZÓN”, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Don Román Gómez Fraiz, con data febreiro de 2024, cun importe de execución por contrata de CINCUENTA E OITO MIL SETECENTOS CORENTA E NOVE EUROS CON SETENTA E OITO CÉNTIMOS (58.749,78 €), IVE incluído.

A Dirección Xeral de Administración Local, por resolución de data 23/05/24, concedeu ao Concello unha subvención para dita obra por importe de 43.729,37 €, ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2023 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (DOG núm. 9, do 12/01/24).

Xa que logo, dispoñendo xa do financiamento e dos permisos e autorizacións sectoriais preceptivas para a realización da obra, cómpre proceder ao inicio do correspondente expediente de contratación, segundo a normativa establecida na lexislación de contratos das Administracións Públicas.

A motivación do presente contrato vén fundamentada na obriga que ten o Concello da prestación dos servizos de “*acceso aos núcleos de poboación*” e “*pavimentación das vías públicas*”, segundo o establecido no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), e da necesidade de cumprir o obxecto da subvención concedida para tal fin pola Dirección Xeral de Administración Local.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, de

conformidade co establecido no artigo 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Iniciar o correspondente expediente de contratación da obra de “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN RAÑESTRAS. CONCELLOS DE RODEIRO E DOZÓN”, de conformidade co proxecto técnico aprobado, para a súa posterior aprobación por este órgano, incorporando ao mesmo os documentos legalmente esixibles.

Segundo.- Determinar o procedemento de adxudicación como aberto simplificado sumario, de conformidade co previsto no artigo 159.6 da LCSP, con varios criterios de adxudicación.

5.- INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE “REFORZO E PAVIMENTACIÓN EN RÚAS E VIAIS DAS PARROQUIAS DO AZ, GUILLAR, SANTA MARIÑA DE PESCOSE, O SALTO, CAMBA, CARBOENTES, ASPERELO E ARNEGO”, INCLUÍDA NO PLAN +PROVINCIA 2024

O Sr. alcalde informa que por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 27 de marzo de 2024, foi aprobado o proxecto técnico da obra de “REFORZO E PAVIMENTACIÓN EN RÚAS E VIAIS DAS PARROQUIAS DO AZ, GUILLAR, SANTA MARIÑA DE PESCOSE, O SALTO, CAMBA, CARBOENTES, ASPERELO E ARNEGO”, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Ana María García Mayo, en data marzo de 2024, cun importe de execución por contrata de CATROCENTOS SETENTA E NOVE MIL DOUSCENTOS SETENTA E SETE EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (479.277,15 €), IVE incluído.

A Deputación de Pontevedra, por acordo da Xunta de Goberno de data 07/06/24, concedeu ao Concello unha subvención para dita obra por importe de 497.149,42 €, ao abeiro das Bases reguladoras do Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, publicadas no BOP núm. 2, correspondente ao día 3 de xaneiro de 2024 (expediente núm. [REDACTED]).

Xa que logo, dispoñendo xa do financiamento e dos permisos e autorizacións sectoriais preceptivas para a realización da obra, cómpre

proceder ao inicio do correspondente expediente de contratación, segundo a normativa establecida na lexislación de contratos das Administracións Públicas.

A motivación do presente contrato vén fundamentada na obriga que ten o Concello da prestación dos servizos de *“acceso aos núcleos de poboación”* e *“pavimentación das vías públicas”*, segundo o establecido no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), e da necesidade de cumprir o obxecto da subvención concedida para tal fin pola Deputación Provincial de Pontevedra.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, de conformidade co establecido no artigo 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Iniciar o correspondente expediente de contratación da obra de *“REFORZO E PAVIMENTACIÓN EN RÚAS E VIAIS DAS PARROQUIAS DO AZ, GUILLAR, SANTA MARIÑA DE PESCOSE, O SALTO, CAMBA, CARBOENTES, ASPERELO E ARNEGO”*, de conformidade co proxecto técnico aprobado, para a súa posterior aprobación por este órgano, incorporando ao mesmo os documentos legalmente esixibles.

Segundo.- Determinar o procedemento de adxudicación como aberto simplificado, de conformidade co previsto no artigo 159 da LCSP, con varios criterios de adxudicación.

6.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO DENOMINADO “OBRAS DE REFORMA E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DO CENTRO CULTURAL “MANUEL LAMAZARES” DE RODEIRO”

ANTECEDENTES

Primeiro.- A motivación do presente contrato vén fundamentada na competencia propia que o Concello en materia de *“promoción da cultura e equipamentos culturais”*, segundo o establecido no artigo 25.2 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), e da

necesidade de cumprir o obxecto da subvención concedida para tal fin pola Dirección Xeral de Cultura, ao abeiro da Orde do 22 de decembro de 2023 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (DOG núm. 16, do 23/01/24) – Expediente núm. 2024-0094.

Segundo.- Coa presente contratación non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato para a execución da obra denominada “OBRAS DE REFORMA E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DO CENTRO CULTURAL “MANUEL LAMAZARES” DE RODEIRO” á sociedade CONSTRUCCIONES VENCE VÁZQUEZ S.L., con CIF núm. ██████████, e con domicilio social no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro, ao prezo de CORENTA E OITO MIL TRESCENTOS DEZASETE EUROS CON DEZAOITO CÉNTIMOS (48.317,18 €), IVE incluído, con estrita suxeición ao proxecto técnico, aprobado no seu día por este órgano, redactado polo arquitecto Don Manuel Gabriel Cotelo Varela.

Segundo.- Aprobar o gasto con cargo á correspondente partida orzamentaria do presuposto en vigor.

Terceiro.- Designar directora da obra á arquitecta Dona Susana Ramos Porto, e coordinador de seguridade e saúde durante a súa execución ao enxeñeiro de camiños, canais e portos Don Román Gómez Fraiz.

7.- APROBACIÓN DEE CERTIFICACIÓN NÚM. 1 DA OBRA DE “ACTUACIÓNS DE MELLORA DO PUNTO LIMPO DE RODEIRO”

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 1 correspondente á obra de “Actuacións de mellora do punto limpo de Rodeiro”, por importe de CINCUENTA E TRES MIL CENTO DEZANOVE EUROS (53.119,00 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada polo director de obra Don Juan Carlos Bardelás Lamas.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra REFORMAS LOURECÓN 2020 S.L., por un importe de 53.119,00 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 36 (FACe), de data 09/08/24, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

8.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- ASISTENCIA TÉCNICA DE PROYECTOS LALÍN S.L. 1.909,21 €
Honorarios por dirección de obra e coordinación en materia de seguridade e saúde de obra incluída no Plan Concellos 2023, s/factura núm. 2024F/0001 (FACe).
- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 49,24 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de xullo de 2024, s/factura núm. 24ZNX0187820 (FACe).
- RODOIL S.L 47,24 € E 123,32 €
Por subministro de combustible aos vehículos da AVPC no mes de xullo de 2024, s/facturas núm. 2024/24/000272 e 2024/24/000273 (FACe).

- CELSO GONZÁLEZ JORGE 2.849,21 €
Por diversas reparacións en vehículo municipal, s/factura núm. C 10556.
- RODOIL S.L. 196,42 €, 102,63 €, 480,33 €, 37,13 €, 1.140,57 € E 145,65 €
Por subministro de combustible aos vehículos da brigada municipal de obras no mes de xullo de 2024, s/facturas núm. 2024/24/000274, 2024/24/000276, 2024/24/000277, 2024/24/000278, 2024/24/000279 e 2024/24/000280 (FACe).
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 308,07 €
Por diversas reparacións no camión de recollida do lixo, s/factura núm. C 10555.
- RODOIL S.L. 5,00 €
Por lavado do camión de recollida do lixo no mes de xullo de 2024, s/factura núm. 2024/24/000275 (FACe).
- AMBIGAL 360 S.L. 330,00 €
Por importe mensual do servizo consistente na recollida selectiva da fracción papel-cartón, s/factura núm. 01-A240753 (FACe).
- JESÚS DIÉGUEZ OSORIO 181,50 €
Por transporte de material de construción para obras municipais, s/factura núm. 16/2024.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)